

Adif licitará este ano a supresión do paso a nivel do Porriño

Páxina 3

Salceda aproba inicialmente uns orzamentos de 4.809.240 €

Páxina 8

O Concello de Oia adxudica a redacción do PXOM

Páxina 9

Obras de reordenación da rotonda de Guillarei en Tui

Páxina 10

Tomiño humaniza a contorna da igrexa de Amorín

Páxina 12



A Guarda contará cunha nova escola infantil con 41 prazas

Páxina 15

Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964



Arbo



Pontearuas

LOURIÑA

MOS

O BNG califica de espectáculo lamentable o pleno sobre a modificación do PXOUM

O pleno celebrado no auditorio do Pazo de Mos volveu poñer de manifesto o escaso respecto que o Partido Popular sinte pola institución municipal e as regras máis elementais do xogo democrático. O ton bronco do debate impediu que se analizara, coa profundidade que merece, unha cuestión tan relevante para o futuro do noso Concello como é a modificación do PXOM coa que se pretende legalizar a construción dunha cidade deportiva e un centro comercial en Pereiras e Tameiga. Para o BNG, hoxe saíu perdendo a veciñanza de Mos, pero aínda temos a esperanza de poder parar a desfeita ambiental, económica e social que supón este proxecto. Ante unha sala ategada, dende primeira hora da mañá, por persoas afíns ao goberno municipal, a alcaldesa repartiu as quendas de palabra de forma totalmente aleatoria e acaprou os tempos de intervención cun discurso inzado de faltas de respecto e insultos aos portavoces da oposición. Modificou ao seu antollo o desenvolvemento habitual das sesións plenarias sen consultar aos demais grupos políticos representados na corporación e alterou sen ningún tipo de xustificación a orde do día, chegando mesmo a suprimir sobre a

marcha o punto de rogos e preguntas. A propia votación sobre a modificación do PXOM foi totalmente irregular. Non se lle deu tempo para levantar a man aos grupos da oposición e a votación tivo que repetirse, ante o desconcerto de todos os asistentes, despois de que a alcaldesa levantara a sesión. Por outra parte, Nidia Arévalo foi incapaz de contestar ás preguntas realizadas polo portavoz do grupo municipal do BNG, Gustavo Barcia, que trasladou ao pleno moitas das dúbidas da veciñanza sobre o proxecto do Real Club Celta. Entre outras cuestións, non foi quen de explicar como se vai proceder á adquisición dos terreos en caso de que non se chegue a un acordo cos propietarios. A pesar da súa insistencia en dicir que non haberá expropiacións, este é o único sistema previsto no documento aprobado cos únicos votos a favor do PP.

O desenvolvemento do pleno foi anormal xa dende antes do inicio da sesión. Restrinxíuse o acceso do público, que foi obrigado a identificarse na entrada, impedindo deste modo que a veciñanza estivese presente nun debate de especial relevancia nunha ins-



O portavoz do BNG, Gustavo Barcia

titución que se supón democrática. Mesmo os medios de comunicación atoparon dificultades para acceder á sala. A señora Arévalo insiste en apelar a problemas de seguridade para xustificar esta restrición do acceso e evitar situacións como a que se viviu a semana pasada na entrada do Multiúsos das Pozas. Pero o certo que aquel día os "problemas" xurdiron no momento en que a alcaldesa ordenou identificar ás persoas que non estaban de acordo cos seus postulados. Dá a impresión de que o goberno do PP pretende facer listas de bos e malos veciños segundo a súa conveniencia política. Hoxe son os de Tameiga, pero mañá poden ser os de calquera outra parroquia de Mos. Dende o BNG entendemos que a alcaldesa quere desviar a atención sobre o pelotazo que o goberno pretende executar da man do señor Mourinho. Hoxe volveunos quedar claro que están dispostos a expropiarlle o monte aos donos que non queiran ceder e regalarlle o terreo aos especuladores.

Éxito de asistencia á xuntanza do Partido Popular de Mos



O domingo 15 de setembro no Parque a Pesequeira de Mos, tivo lugar, coa asistencia de Dña. Ana Pastor, e D. Miguel Tellado, Secretario Xeral do PPdeG, a romería que todos os anos organiza o Partido Popular de Mos e que marca o inicio do novo curso político. A xuntanza foi aberta cunhas verbas de Camilo Augusto, presidente do PP de Mos que deu paso ao xantar popular. No momento das intervencións, a Alcaldesa

de Mos, Nidia Arévalo entre un ambiente festivo e cheo de alegría da familia popular, a pesar da altísimas temperaturas, agradeceu a asistencia masiva de simpatizantes que sobrepasaban as 600. Persoas, tamén tuvo un recoñecemento especial hacia Alejandro Alonso de Frigolouro pola súa colaboración durante tantos anos co partido, servindo os recoñecidos callos. A festa concluiu entrada case a noite coa actuación do grupo 3.com

O mosense Alberto Simón, novo Campión Galego de Kickboxing

O clube deportivo Kick Boxing Mos segue cultivando títulos, neste caso con Alberto Simón, que o sábado 21 do pasado mes de setembro conseguiu vencer ao púxil Erik Saúl do ximnasio Simón de Vigo, erixíndose novo Campión Galego de Kickboxing (lowkick). Antes de que termine o ano disputará a final de Campionato Galego de K1, e a semifinal do Campio-



nato Galego de Full Contact.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

ADIF licitará antes de decembro a redacción do proxecto para suprimir o paso a nivel no centro do Porriño

O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) anunciou hoxe á alcaldesa Eva García que licitará antes de decembro a redacción do proxecto constructivo para suprimir o perigoso paso a nivel existente no centro do Porriño.

A solución técnica que se prantexa é mediante a depresión da rasante da vía férrea, segundo explicou María Luisa Domínguez González, directora xeral de Proxectos e Planificación á alcaldesa. Por esa razón é que ADIF inclúe na licitación do proxecto a realización de sondaxes e estudo xeotécnico para dispoñer dunha valoración axustada do orzamento que terá a obra.

Na reunión de traballo celebrada este mediodía en Madrid, a alcaldesa porriñesa estivo acompañada polos deputados pontevedreses Guillermo Meijón e Olga Alonso.

O Goberno Municipal de Porriño entende que unha vez estea estimado o

custe da obra, “a financiación terá que ser compartida polas diferentes administracións públicas mediante un futuro convenio que debería ser participado por Estado, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e o propio Concello, para asumir de xeito conxunto a financiación”, segundo manifestou Eva García ó termo da reunión.

“O custe da obra é un dato que terá que determinar o proxecto constructivo que vai licitar o ADIF”, suliñou a alcaldesa do Porriño. Eva García manifestou sentirse “moi contenta de comprobar que por fin hai avances concretos para ver que chegará a materializarse a aspiración de todos os porriñeses”, declarou.

A reunión de hoxe foi continuidade das xestións realizadas hai un ano pola alcaldesa coa presidenta do ADIF, Isabel Pardo de Vera. Naquela reunión, de data 31 de agosto de 2018, a presidenta do ADIF comprometeuse a re-



tomar a proposta unánime dos grupos municipais e dos colectivos sociais e económicos de Porriño para suprimir o paso a nivel como evidenciouse na histórica manifestación celebrada o 1 de xuño dese ano.

O paso a nivel existe en Porriño

dende 1948. A súa supresión é unha demanda histórica que se reforzou a partires do accidente de hai tres anos cando o Tren Celta descarrilou por exceso de velocidade o que provocou catro mortos e perto de medio centenar de feridos.

Veciños de A Vaqueira alegarán contra o proxecto de reforma da PO-510 se prantexa rotondas

Unha comisión de veciños do barrio de A Vaqueira entrevistáronse coa alcaldesa Eva García para trasladarlle a súa inquedanza ante a previsible inclusión de dúas rotondas no proxecto de mellora da seguridade viaria na estrada PO-510. A reforma da travesía deste vial por este barrio de Budiño é unha vella demanda da veciñanza que reivindicou a súa execución mediante manifestacións e cortes de tráfico ata que, coa intervención da alcaldesa de Porriño, estableceuse unha canle de diálogo coa Xunta de Galicia. No pasado mes de xullo, despois dunha carta de Eva García á Ethel Vázquez, Conselleira de Infraestruturas, alcaldesa e vecinos de A Vaqueira entrevistáronse en Vigo con Francisco Menéndez,



director da Axencia Galega de Infraestruturas.

Nesa reunión acadouse o acordo que a Xunta de Galicia ten de prazo ata o 11 de outubro para presentar o proxecto de mellora da seguridade viaria.

Sen embargo os veciños de A Vaqueira temen que a fórmula para apaciguar o tráfico sexan

rotondas no canto de isletas como eles demandan e adiantan a súa intención de presentar alegacións.

Pola súa banda a alcaldesa ofreceu ós representantes de A Vaqueira solicitar o asesoramento dun enxeñeiro de Camiños para coñecer a viabilidade da demanda veciñal.

Campaña de consumo de pescado branco



Eva García, alcaldesa de O Porriño e Lourdes Moure, concelleira de Educación participaron no acto promocional da campaña para incentivar o consumo de pescado branco entre os comedores escolares. A actividade celebrouse no CEIP “Antonio Palacios” co alumnado de 3º de Primaria.

A Asociación de Armadores de Buques de Pesca del Gran Sol (Anasol) e a Agrupación Nacional de Compra-

dores de Productos Pesqueiros puxeron en marcha esta campaña titulada “Edukando a comer pescado blanco”, coa colaboración do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O chef Javier Salgado, do restaurante “La Tula” de Bouzas realizou un divertido “showcooking” dirixido ós alumnos ensinándolles a cocinar unha receita de pescado con pescada que logo disfrutaron no menú do comedor escolar.

LOURIÑA

O PORRIÑO

O Concello do Porriño renova o parque móbil municipal para mellorar a seguridade dos traballadores e garantir a eficiencia enerxética

O Goberno Municipal do Porriño licitou a renovación total do parque móbil do Concello mediante o sistema de “renting” para garantir a seguridade dos vehículos e dos traballadores municipais empregando criterios de eficiencia enerxética e aforro do gasto público. A operación rematou coa firma dos contratos cunha vixencia de 4 anos.

O parque móbil do Concello ten unha media de 15 anos, pero hai vehículos que superan as dúas décadas de antigüidade. Especialmente o que atinxe os vehículos adscritos ó departamento de Vías e Obras que “teñen unha idade media de 25 anos cun evidente mal estado e obsolescencia”, segundo un dos informes técnicos.

A necesidade de renovar o parque móbil era tal que o comité de seguridade e saúde do persoal do Concello tiña

denunciado que se atopan “nun estado de uso lamentable cun mantemento inexistente, con filtracións de gases e auga no interior dos habitáculos e cunha quilometraxe que nalgúns casos supera o medio millón de quilómetros”.

Precisamente o goberno cando prantexou a renovación do parque móbil consultou con todos os xefes de departamentos para consensuar as necesidades de servizo e canto persoal ía utilizar os vehículos.

Deste xeito determinouse un prego de condicións para renovar o parque móbil con 25 vehículos mediante concurso público que se iniciou con data 26 de marzo deste ano.

Na licitación estableceronse cinco lotes. Presentáronse un total de seis empresas, ningunha delas de Porriño. Catro lotes foron gañados por “GrupiVazgle”, de Lugo e o restante pola firma “Rodosa”, de Vigo.

A firma lucense é proveedora de vehículos en “renting” para concellos gobernados polo PP como O Vicedo, Arteixo e Oviedo ou concellos gobernados polo PSOE como Lourenzã ou Xixón, ademais de proveer a outras administracións públicas en Andalucía e Cataluña.

Conforme faculta a vixente Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público as empresas participantes podían realizar melloras. A razón social “GrupiVazgle” ofrece melloras de calidade nos vehículos, de maior gama, mellor motorización, con quilómetros ilimitados, incluíndo seguros, reparacións e vehículo de substitución e cumprindo coa normativa “Euro 6” de eficiencia enerxética. Todos eses aspectos baremados decantaron no seu favor a decisión da mesa de contratación.

Por outra banda o goberno municipal lamenta que o PP pretenda denunciar un suposto



malgasto cando a operación de renting aprobada polo gabinete actual para este cuatrienio (por importe de 627.000 €) é notablemente máis barata que o gasto efectuado polo último goberno do PP. Sómentes no período de 2010 a 2014, con Nelson Santos na alcaldía, o parque móbil do Concello xenerou un gasto de 700.000 euros. Dese importe, 324.000 euros para reparacións e máis de 87.000 en seguros.

A esa cifra hai que engadir que o propio Nelson Santos, a pesares de dispoñer dun vehículo

oficial asignado á Alcaldía, pasaba gastos como por exemplo 3.611 euros no ano 2012. E Alejandro Lorenzo, o actual voceiro da oposición, que foi concelleiro do goberno de Nelson, pasou entre febreiro e decembro de 2010 gastos de locomoción por importe de 5.672 euros.

Nove anos despois a operación que ven de rematarse polo Concello resulta notablemente máis económica pois o custe dun renting é de 460 euros por mes (incluídos seguros, reparacións e vehículo de substitución).

O pleno de setembro estivo marcado polo cambio climático

A corporación local do Porriño aprobou ata tres mocións diferentes para expresar a súa preocupación pola situación de emerxencia climática que terá expresión na participación o vindeiro venres na Xornada Mundial contra o Cambio Climático. Escolares e estudantes de todos os centros de ensino do Porriño concentráronse ante o consistorio a mediodía e contarán coa adhesión do Concello.

As mocións aprobadas polo pleno municipal son coincidentes no seu corpo argumental aínda que teñen matices. Foron presentadas polo PP, BNG e EU Son.

No que atinxe a outros asuntos, a petición de realizar cambio de sentido do tráfico na rúa Salgueira,

prantexada por EU Son desestimouse.

A moción presentada polo PP sobre un suposto incumprimento de contratos da empresa “Ascan Servicios Urbanos” quedou enriba da mesa, a proposta do propio voceiro popular. Alejandro Lorenzo argumentou que prefería pospoñer o debate ata dispoñer “dun informe que revise os contratos o seu grado de cumprimento”.

Por unanimidade aprobouse establecer como os dous festivos locais no calendario laboral de



2020, o luns 13 de xullo (porque San Bieito caerá en sábado) e o 28 de setembro, Luns do Cristo.

Nesta sesión despediuse como concelleira Ana Belén Crespo, do grupo municipal do BNG o que se comunicará á Xunta Electoral para iniciar o proceso de substitución por outra integrante da candidatura do partido nacionalista.

Amazon abrirá a central loxística en outubro

Oxoves 26 os 40 aspirantes elixidos para traballar na central loxística de “Amazon” que abrirá en Porriño, viaxaron a Barcelona para iniciar a súa formación. A axencia “Manpower” realizou a selección de persoal entre centenas de peticionarios. A plantilla ampliarase en datas de maior demanda como “Black Friday”, campaña de Nadal e rebaixas de inverno.

Namentres “Amazon” acelera os preparativos para a apertura da súa central loxística que se producirá en outubro. “Se todo vai ben en torno o 7 de outubro” manifestou David Alonso, concelleiro de Emprego.

“Amazon” que dispoñe de licenza de obra dende o 1 de agosto, realiza a reforma da antiga nave de “Arcelor” que mercou para establecer a central loxística no polígono industrial de Prado-Budiño. Estase a reformar unha nave preexistente de 1927 metros cadrados construídos dentro dunha superficie total de 4.661 metros cadrados que ten o solar.

O PORRIÑO

O Concello do Porriño entrega a AFAGA un novo vehículo adaptado

O Concello do Porriño fixo entrega á asociación "AFAGA" dun novo vehículo adaptado para persoas que padecen demencias "o que supón para nós un motivo de ledicia" manifestou Juan Carlos Rodríguez, presidente da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer de Galicia.

Na roda de prensa na que compareceron directivos de "AFAGA" e os concelleiros de Servizos Sociais, David Alonso e de Medio Ambiente e Comercio, Sergio Casal, o presidente da devandita asociación suliñou que "Porriño para AFAGA é un concello de referencia, moi especial e fundamental. Eiquí abrimos hai catorce anos o primeiro centro de día fora das grandes cidades de Galicia, constituindo un exemplo para todos os demais concellos e que derivou finalmente na unidade terapéutica que temos na rúa Pilar que funciona de mañán e tarde", dixou Juan Carlos Rodríguez.



O presidente de "AFAGA" sinalou que nas conversas que mantemos co Concello do Porriño "albiscamos unha nova liña de cooperación co establecemento dun programa de estimulación cognitiva e funcional para persoas con demencias en fase inicial ou leve".

Nese senso o concelleiro de Servizos Sociais "agradeceu a inmensa labor que fai AFAGA" e engadiu "qué maior honra para un concello que colaborar coas organizacións e asociacións que traballan

contra esta enorme lacra das enfermidades neurodexenerativas", manifestou David Alonso. O actual concelleiro tivo unha lembranza "de recoñecemento para a miña predecesora, Soledad Girón, pola súa laboura neste eido".

A achega do Concello foi de 21.000 euros para a compra e adaptación do vehículo o que supón o 57% do custe total da furgoneta. Segundo o concelleiro de Servizos Sociais en breve "estableceremos con "AFAGA" novas liñas de cooperación".

O concelleiro valora como "moi satisfactorio" o resultado das Festas do Cristo

David Alonso, concelleiro do goberno municipal que asumiu a organización das Festas do Cristo 2019, realizou hoxe unha avaliación dos festexos que calificou como "moi satisfactorios". Dende o Concello do Porriño "valoramos que a xente quedou encantada coas actuacións elixidas e coas novidades que incorporamos na programación como a Banda no Bus que levou a animación de xeirto itinerante ós barrios e parroquias do concello que o valoraron moi ben", suliñou David Alonso.

O edil indicou que os concertos dos grupos 'Banda Crebinsky', 'Dakidarría' e 'Efecto Pasillo' na rúa Domingo Bueno, reuniron a milleiros de persoas e cumpriron coas expectativas que tiñamos". David Alonso destacou que "os sectores de hostalaría, comercio, hoteis e servizos indicaronnos que notaron unha suba de afluencia e tiveron unha boa factu-

ración con estas festas, incluso a pesares dalgúns días de choiva".

"Coido que marcamos unha nova liña de actuación da que estamos moi orgullosos coma por exemplo coa instauración dos premios 'Cabezudos e Honra' que estreamos con Doña Pucha, Cuquín e Teté Delgado, coa organización do primeiro Rally Mix e coa consolidación de eventos como a 'Nocturna' con máis de 300 ciclistas participantes ou o 'Dirk Track' que reuniu moita xente no Velódromo Municipal", engadiu o concelleiro.

David Alonso agradeceu "a resposta positiva que recibimos de moita xente que manifestou o seu acordó coa política de contratación de artistas, contido do programa e control do gasto que non se disparou xa que dispuxemos dun arxamento de 160.000 euros, menos do investido en 2018", rematou o seu balanço o concelleiro.



LOURIÑA

O PORRIÑO

A concelleira mantén que cumpriu coas obras de reforma da "Galiña Azul"

Lourdes Moure, concelleira de Educación asistiu a unha reunión coas Anpas das garderías de Porriño. Un encontro no que apareceu Carmen García Campelo, xerente adxunta do Consorcio Galego de Servizos Sociais de Igualdade e Benestar, cuxa participación non estaba prevista, a raíz do contencioso xurdido coa "Galiña Azul" de Torneiros.

A concelleira mantivo que o Concello do Porriño "ten cumprido co proxecto inicial de reforma que foi aceptado polo Consorcio con data 14 de agosto, case que un mes despois de que fora remitido polo Concello á Xunta de Galicia".

Lourdes Moure repetiu que o Concello do Porriño "fixo en dúas semanas esas obras de mellora pero o Consorcio comezou a poñer reparos, trabas e pedir máis cousas que



non estaban no proxecto nin contaban con orzamento". "A pesar de eses atrancos, o Concello vai rematar o sábado coas obras de reforma, incluídas as ampliacións exisidas polo Consorcio, e a partir do vindeiro luns 16, despois da limpeza xeral da gardería, a Xunta deberá decidir cando abre a Galiza Azul de Torneiros", rematou Lourdes Moure.

A concelleira evitou entrar en polémicas nin con a presi-

denta e directivos da Anpa nin coa xerente adxunta do Consorcio.

Antes de abandonar a reunión unha vez explicada a versión do Concello de Porriño, a concelleira avisou á representante da Xunta de que "a partir de agora será a administración autonómica que é a titular da gardería, a que deberá de contratar e executar calquera outra obra ou mellora nesa instalación", rematou Lourdes Moure.

Concello, empresarios e Zona Franca retoman o proxecto da guardería no polígono

Alcaldesa Eva García e directivos da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial de A Granxa retomaron o proxecto de construír unha gardería infantil. Nun recente encontro que mantiveron (ó que corresponde a foto adxunta) acordouse elixir a parcela 256-C para o que o pasado 4 de setembro "Zona Franca" solicitou do Concello de Porriño que confirmase que cabía darlle ese uso.

A proposta xa conta cos informes favorables da arquitecta e do secretario do Concello do Porriño polo que administración municipal e empresarios do polígono poden reemprender as xestións para acadar fondos económicos para a construción da gardería.



O proxecto experimentou un pulo transcendental a partires da implicación do Consorcio da Zona Franca que cede a parcela e solicitou o cambio de uso que veñen de informar favorablemente os servizos técnicos municipais.

Agora corresponde ós empresarios do Polígono solicitar novamente a subvención da Xunta de Galicia pois renun-

ciaran á que tiñan concedida de 200.000 euros por que non eran quen de acometer e rematar o proxecto anterior na data esixida pola administración autonómica que é o vindeiro 31 de outubro. Asimesmo corresponderá a Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial, a execución da obra e o seguimento da actividade.

O CEIP de Atios acolleu a apertura do novo curso



Lourdes Moure, concelleira de Educación presenciou o acto oficial de apertura do curso escolar na vila de Porriño. Para este curso 2019/2020 a previsión da comunidade educativa porriñesa é que estean escolarizados nos sete colexios, no centro Aceesca e nos dous institutos, unha cifra superior ós 3.000 rapaces e rapazas.

O acto de apertura se celebrou no CEIP de Atios, con asistencia de directores de centros docentes e representantes das Anpas. Roberto Devesa, director do colexio anfitrión nesta quenda, agradeceu ó Concello de Porriño, a Consellería de Educación e ós pais e nais de alumnos o esforzo común que realizaron para acometer as obras de mellora neste CEIP, tanto nas instalacións educativas como no pabellón deportivo.

Na mesma liña falou Fabián Vázquez, presidente da Anpa que instou a alumnos e profesores a manter un nivel permanente de esforzo.

Pola súa banda Lourdes

Moure garantiu que o Concello de Porriño vai continuar coas políticas de apoio á comunidade educativa que "por certo coma esta de Porriño coído que non hai outra tan activa", dixo.

"Imos seguir coa Semana Branca para que os escolares de todos os colexios do Porriño que o desexen vaian á neve como fixemos nos últimos catro anos nunha iniciativa pioneira neste concello", manifestou Lourdes Moure que anunciou que se aumentará esa partida nos Orzamentos Municipais para o vindeiro ano.

Lourdes Moure lembrou ós presentes que Porriño é Cidade Amiga da Infancia "o que obriga a manter políticas activas a prol dos nenos que se plasmen nos plenos municipais infantís que seguiremos celebrando". E por último a concelleira de Educación reivindicou os irmandamentos coas vilas de Fröncac (Francia) e Vrgorac (Croacia) para fomentar a aprendizaxe de francés e inglés para os nenos e nenas de Porriño.

www.novasdoeixoatlantico.com

Visítennos

EIXOATLÁNTICO

XORNAL GALEGO-PORTUGUES DA GALIÆCIA

SALCEDA DE CASELAS

O Equipo de Goberno de Salceda califica os primeiros 100 días moi positivamente

Cando están a piques de cumprirse os primeiros cen días dende a toma de posesión, o equipo de goberno de Salceda, formado por Movemento Salceda e PSOE, calificou este primeiro período como “moi positivo” e, o máis importante, “moi productivo”.

Tan só con tres meses de andadura deste mandato, o Concello de Salceda ten aprobados xa inicialmente dous novos regulamentos, o Regulamento Orgánico Municipal e o Regulamento de honores e distincións. No Pleno extraordinario que se celebra mañá martes debatirase a aprobación inicial do orzamento de 2019, un orzamento que se incrementa en 700.000 € con respecto ao orzamento vixente (prorrogado de 2016) e que reflexará a realidade actual do Concello. O orzamento duplica a cantidade reservada para o servizo de axuda no domicilio, que pasa de 200.000 a 400.000 €, garantindo deste xeito o incremento de horas de servizo que se viu producindo nos últimos anos.

Tamén neste período se completou a humanización da Rúa Compostela e se están a rematar as obras de urbanización tanto na zona da Devesa como na rúa Gándara. Así mesmo iniciáronse outras obras como a recuperación da antiga escola de Vendanova para atención de persoas con enfermidades neurodexenerativas como o alzheimer e outras demencias, a mellora dos espazos anexos ao campo de fútbol do Penedo Redondo, ou os viais de Petoa e Borralliño-Pantel, e púxose en funcionamento un servizo tan importante como o novo gabinete de atención temperá compartido co Concello das Neves.

O equipo de goberno (MS e PSOE) valorou moi positivamente estes primeiros cen días, e amosou a súa satisfacción por unha etapa fructífera a pesares de contar nestes momentos con unha persoa menos no equipo por unha baixa médica da voceira do PSOE Verónica Tourón. Un dos factores principais da boa marcha dos diferentes proxectos é sen dú-



bida a existencia dun equipo coexionado e traballando man a man na procura do mellor para Salceda, con dúas forzas políticas con cadanseu programa electoral pero que conseguiron artellar un programa de goberno conxunto que é o que están a levar a cabo nestes momentos.

Gela Ledo, Concelleira de benestar social e ensino (PSOE), manifestou que o seu partido considera ilusionante e motivador todo o traballo

que queda por diante, amosando a súa satisfacción pola posta en marcha de servizos fundamentais como o gabinete de atención temperá ou pola elaboración duns novos orzamentos en tan pouco tempo, obxectivo fundamental do pacto de goberno, comprometéndose a seguir traballando pola veciñanza de Salceda.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda (MS), definiu estes primeiros cen días como moi productivos, con diferentes

reunións do equipo de goberno colectivos veciñais, deportivos, culturais, etc. A alcaldesa destacou tamén que nestes tres meses se teñen achegado ás parroquias en diferentes ocasións para presentar o novo equipo e escoitar a veciñanza, co obxectivo de seguir a desenvolver unha acción de goberno centrada na veciñanza e empregando as diferentes asociacións como canle de comunicación máis representativa.

13.000 € para mellorar o parque infantil de Barreiro

O Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellaría de Parques e Xardíns, está a acometer obras de mellora en diferentes parques infantís existentes ao longo do municipio. Nesta ocasión estanse a realizar melloras no parque infantil de Barreiro, ubicado no entorno do centro cultural. O proxecto, que conta cun orzamento de 13.055,90 € asumidos con fondos propios do Concello, conleva a reparación dos elementos máis deteriorados e a

instalación de outros xogos para completar o espazo, así como o adecentamento de todo o entorno, incluído a colocación dunha valla que garanta a seguridade dos nenos e nenas. A reforma lévase a cabo en coordinación coa directiva do centro cultural.

Esta obra de mellora súmase ás xa realizadas nos parques das parroquias de Soutelo, Parderrubias, Entenza (Torrón), Picoña (Arrotea) e San Xurxo. O Concello seguirá coa realización das obras de reparación

e melloras precisas nos demais parques das parroquias, para o que se está a realizar xa un traballo de avaliación naqueles parques que precisen algún tipo de intervención. Hai que lembrar o enorme crecemento poboacional de Salceda, que chegou a alcanzar a taxa de natalidade máis alta de Galicia, o que fai precisas actuacións deste tipo dirixidas á poboación infantil.

Tamén nos parques infantís existentes no casco urbano Parque Aragonta e Parque da



Gándara), se levaron a cabo obras de reparación dos columpios existentes, así como a substitución dos que se atopaban en peor estado. Ademais nestes parques habilitáronse sendas que posibilitan a accesibilidade aos columpios inclusivos recentemente insta-

lados polo Concello, completando así o proceso de apertura dos parques para todos os nenos e nenas. No mes de outubro será a quenda do parque instalado na Praza do Concello, na entrada do Auditorio, que tamén verá renovadas e melloradas as súas instalacións.

LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda aproba inicialmente uns orzamentos de 4.809.240 €

O goberno de Salceda (Movemento Salceda e PSOE) ven de aprobar inicialmente en pleno os orzamentos para este ano 2019, cos votos en contra do PP, que ascenden a unha cantidade de 4.809.240 €.

Cabe lembrar que os orzamentos vixentes actualmente no Concello de Salceda están prorrogados dende o ano 2016, polo que xa non respondían á realidade social e económica de Salceda. De feito, o remanente de tesourería existente posibilitou o incremento dos orzamentos en 700.000 €, que sen dúbida contribuirán ao bo funcionamento dos diferentes servizos municipais.

Destaca no documento o incremento da partida destinada a un servizo tan fundamental como o servizo de axuda no fogar (SAF), que pasa de 200.000 a 400.000 €, garantindo así a cobertura das horas de servizo que se foron incrementando nos últimos anos, e que están en torno ás 2.500

horas anuais entre os servizos por dependencia e por libre concurrencia.

O capítulo de persoal, con 1.499.979,35 € consignados, supón un 30% do Orzamento, incrementándose nuns 60.000€. Este capítulo presenta novidades con respecto ao orzamento vixente, xa que se prevé unha praza de tesourería de habilitación nacional, obrigatoria para Concellos de máis de 5.000 habitantes, así como a dun Oficial de Policía, tamén obrigatoria por lei. Ademais dótanse ao 100% prazas que no orzamento anterior figuraban por un tempo determinado. O incremento de 60.000 € servirá tamén para dar cobertura a diversas obrigas e gastos producidos nos últimos anos, como o cumprimento de sentencias, os incrementos salariais derivados dos Orzamentos Xerais do Estado, etc.

En canto ás subvencións para entidades culturais, deportivas e sociais, mantéñense os 92.000 € consignados, ga-



rantindo así o apoio a estas entidades que contribúen á dinamización de Salceda, nun momento en que a tendencia das diferentes administracións e a reducir este tipo de aportacións, e incluso a eliminalas en varios casos.

En canto ao capítulo de investimentos, recóllese 313.835,38 € que servirán para levar a cabo pequenas obras de grande importancia para o día a día da veciñanza de Salceda, que se realizarán a través das diferentes áreas de goberno.

Lucía Pereira, Concelleira de facenda (MS), defendeu os orzamentos alegando que “se axustan á realidade de Salceda, e ofrecen a garantía precisa para manter os servizos ofertados para a veciñanza de Salceda que se viron incrementados constantemente ao longo dos últimos anos”.

Gela Ledo, que actuou como voceira do PSOE, afirmou que están a cumprir o obxectivo recollido no pacto de goberno entre PSOE e MS de presentar uns orzamentos cada ano, que fagan que a situación econó-

mica do Concello se vexa reflexada nun documento actualizado e realista.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda, lembrou que estamos nun momento importante, coa existencia dun goberno forte en maioría, que permitirá sacar adiante documentos tan importantes como este, que garantan a prestación de numerosos servizos á cidadanía por parte do Concello, e que o fagan con transparencia e obxectividade, como premisa fundamental deste equipo de goberno.

Salceda regula a concesión de honores e distincións

O Boletín Oficial de Pontevedra publicou onte martes o inicio do período de exposición pública do que será o primeiro Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Salceda de Caselas. O documento regulará a concesión de distincións como as de fillo ou filla predilecto/a, fillo ou filla adoptivo/a, salcedense distinguido ou distinguida, alcalde ou alcaldesa honorario, ou as persoas e entidades premiadas na Gala do Deporte, así como as condecoracións como “me-

dalla do Concello” ou “Cronista oficial da vila”. Por outra banda, o regulamento tamén fai referencia aos procesos de denominación de espazos públicos, rúas, edificios públicos, sendas, prazas, etc.

O Concello de Salceda celebra anualmente con motivo das festas do Cristo o acto de nomeamento de salcedenses distinguidos/as, no que se nomean tres persoas polos seus méritos en diferentes campos da vida social. Ata o de agora esta distinción víñase facendo a proposta do Equipo de Go-

verno, e con este regulamento pasará a realizarse dunha maneira reglada e definida, incluíndo a aprobación plenaria das persoas propostas para o recoñecemento. O equipo de goberno (MS e PSOE) busca deste xeito garantir un maior consenso nos nomeamentos que se realicen, así como unha maior participación nas propostas.

O Regulamento foi aprobado inicialmente na sesión plenaria do 30 de agosto cos votos a favor dos grupos de Goberno (MS e PSOE) e a abstención



do Partido Popular, e a partir de hoxe conta con un prazo de exposición pública de 30 días onde tanto a veciñanza como os colectivos e asociacións poderán achegar as súas aportacións para proceder á aprobación definitiva do documento unha vez rematado o prazo de alegacións.

Loli Castiñeira, alcaldesa,

xunto co resto do equipo de goberno (MS e PSOE) presentaron o regulamento co obxectivo de que os procesos deste tipo se volvan o máis participativos e consensuados posible, e que as persoas homenaxeadas dun ou doutro xeito polo Concello sexan representativas dunha ampla maioría da sociedade.

O Concello de Oia adxudica a redacción do PXOM

O Concello de Oia adxudicou de forma provisional o contrato administrativo de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) á UTE Urban Consultores SL-Indultec Ingenieros, SLU, por un importe de 114.783,77 euros.

O adxudicatario terá que acreditar no prazo de dez días hábiles a documentación xustificativa das circunstancias da personalidade, capacidade, solvencia, experiencia do técnico redactor e titulacións do persoal técnico.

O acordo adoptouse na sesión plenaria do 5 de setembro,

co voto a favor do Partido Popular e coa abstención dos grupos do PSOE e BNG.

O equipo municipal conta con que, antes de final de ano, o adxudicatario presente un plan de traballo cos prazos estimados de cada unha das fases de redacción do PXOM ata a súa aprobación definitiva. O contrato terá unha duración de 5 anos, que inclúe os prazos estimados cos que contan as distintas administracións para emitir os informes correspondentes.

Modificación puntual das NNSS

Mentres o PXOM vai cum-



primentando os seus trámites, o executivo municipal vai avanzando na tramitación da modificación puntual de diversos aspectos normativos das Normas Subsidiarias de planeamento do concello.

Esta modificación puntual inclúe como proposta adaptar as normas á lexislación vixente en materia de alturas libres mínimas de locais comerciais e oficinas, co fin de facilitar a implantación deste uso en nu-

merosos locais existentes no municipio que non cumpran este requisito. Tamén se incorpora unha nova redacción á hora de regular situacións fóra de ordenación, establecendo un réxime menos restrictivo aplicable ás edificacións que se atopan en tal situación.

Así, despois da publicación no DOG do informe ambiental estratéxico da modificación puntual, o Concello encóntrase agora elaborando a documentación para a aprobación provisional, previo informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais.

O Concello de Oia avanza na actuación do camping Pedra Rubia

O Concello de Oia avanza na actuación que suporá a compra dos terreos do antigo camping Pedra Rubia, situado na zona do Aguncheiro (Mougás), co obxectivo de recuperar este enclave con usos como zona de esparcemento, usos deportivos e de lecer.

Así, a corporación municipal aprobou o inicio do expediente de compra do terreo no pleno extraordinario do 5 de setembro. O acordo foi aprobado por unanimidade, co apoio dos grupos municipais do PP, PSOE e BNG.

A operación suporá a compra dunha parcela de 17.012,90 metros cadrados de solo rústico e financiarase con 120.000 euros procedentes de remanentes de tesorería e outros 80.000 euros que serán achegados pola Xunta a través dun convenio.

Parcelamento

A parcela do antigo camping Pedra Rubia ten unhas dimensións totais de 19.000 metros



cadrados, dos cales 17.012,90 metros cadrados corresponden a solo rústico e o resto a solo urbano de núcleo rural. O Concello procederá á compra da área de solo rústico, polo que cómpre facer un parcelamento do terreo.

Este parcelamento deberá recibir o visto e prace de Costas e máis de Patrimonio, tramitacións nas que xa se está a traballar para poder proceder á compra-venda.

Visita aos terreos

A alcaldesa, Cristina Correa, e máis o concelleiro de Medio Ambiente e Persoal, José Manuel Rodríguez; veñen de realizar unha visita aos terreos

do camping acompañados polo arquitecto responsable do parcelamento da zona, Luis Miguel Zozaya.

A visita serviu para explorar e visualizar distintas posibilidades de recuperación do lugar a través de usos de esparcemento, deportivos e de lecer, en consonancia coas instalacións que xa existen e que presentan un importante estado de deterioro. Entre estes equipamentos atópase a antiga recepción do camping, os vestiarios e almacéns, a zona de aseos e duchas, o edificio da que fora a cafetería-restaurante e unha pista polideportiva, así coma unha piscina.

Presentase en Gondomar a curta "Os uruguaiois viñeron despois" de Pablo Casal

O 4 de Outubro, venres, as 20:30 no auditorio Luís Tobío de Gondomar presentase a curtametraxe "Os Uruguaiois viñeron despois".

Con guión de Pablo Casal e producida por ÑO; ESPAZO CREATIVO e o propio Pablo Casal. Esta é a segunda curta do autor, no 2014 xunto con Ollomol audiovisual estrearon auga, terra...Aire (a bolsa).

A presentación do acto será dirixido pola xornalista e guionista gondomareña Araceli Gonda.

Este traballo foi realizado ao longo de case catro anos por persoas que viven na súa meirande parte en Gondomar. Todas as localizacións e escenas graváronse neste concello.

"Esta tolemia histórico-medioambiental reflicte as nosas



inquietudes e desacougos como habitantes do Val de Miñor, como cidadáns galegos, en contra da deforestación e do empobrecemento da terra. Temos moitos recursos naturais que non se aproveitan porque vivimos esencialmente de costas á natureza, instaurados en permanente posición de presunta superioridade e depredación. Ao mesmo tempo, queremos amosar o noso respecto e recoñecemento a todos aqueles e aquelas que dende a distancia fixeron país, e afondaron nas raíces e nos valores da cultura galega vencellada cos pobos que os acollían (Uruguai, Arxentina, Venezuela, Cuba, México...)."

BAIXO MIÑO

Creación dunha plataforma en defensa da sanidade pública no Rosal

ORosal ven sufrindo nos últimos anos un deterioro progresivo dos servizos sanitarios da atención primaria. O SERGAS non está cubrindo as vacacións nin as baixas do persoal, o que fai que durante os meses de verán ou cando hai unha baixa médica soamente dous médicos atenden a toda a poboación. Esta situación afecta dun xeito especial ao Centro de Saúde de San Miguel de Tabagón, que permaneceu pechado durante os meses de xullo e agosto deste ano por esa razón. A precarización trasládase a todo o persoal sanitario.

Os veciños e veciñas do Rosal que teñen que desprazarse en ambulancias aos hospitais de Vigo para recibir tratamentos periódicos, como é o caso dos pacientes que acoden ao servizo de hemodiálise, deben soportar unhas viaxes cuns percorridos que os levan a precisar ata nove horas para recibir un tratamento que dura soamente catro.

Por outra parte, O Rosal non conta coa dotación de persoal sanitario que correspondería tendo en

conta o número de usuarios.

No mes de xuño solicitouse unha reunión co Conselleiro de Sanidade por parte desta alcaldía da que esperamos resposta.

Posteriormente, mantívose unha reunión con todos os alcaldes e alcaldesas do Baixo Miño e por parte dos cinco solicitouse ter unha reunión co Conselleiro. Tamén seguimos esperando unha resposta.

Por primeira vez neste Concello convocouse, por parte da alcaldía, unha Concentración en defensa da Sanidade Pública, este verán, que tivo unha resposta histórica de asistencia por parte da veciñanza.

Por todo o anteriormente exposto, a alcaldía do Rosal levará ao pleno ordinario do vindeiro xoves día 3 de outubro ás 20:30 a proposta de convocar ao asociacionismo, partidos políticos e sindicatos, persoal sanitario, e veciñanza en xeral do Rosal, co fin de crear unha Plataforma en Defensa da Sanidade Pública, que teña como obxectivos denunciar as carencias de atención primaria e reivindicar os servizos sanitarios que nos corresponden.

Obras de reordenación da rotonda de Guillarei



A próxima semana comezarán a executarse as obras de reordenación da rotonda situada no cruzamento entre a N-550 e a PO-404 en Guillarei e o seu entorno actuando nunha superficie de 2.198,11 m². A proposta a executar ten por obxectivo o embelecemento desta entrada ao centro urbano dotándoa dun carácter representativo e diferencial, xerando un espazo de baixo e doado mantemento. Suporá un investimento de 47.908,79 euros, financiados ao abeiro do Plan Concello 2017, e será executada pola empresa Calfensa Proxectos SL.

Esta mañá a concelleira de Urbanismo, Yolanda Rodríguez, xunto aos responsables da empresa adxudica-

taria e técnicos achegáronse ate o lugar onde se executarán as obras para plantexar in situ o inicio dos traballos.

A rotonda, como elemento principal, centrará as actuacións incluíndo elementos representativos da cidade coma será unha peza de aceiro corten que emulará a muralla tudense. Amais da función estética este elemento servirá para conter o desnivel da rotonda e dividila en dúas zonas, unha de céspede e outra de canto rodado e lousas. Tamén haberá outras dúas estruturas en aceiro corten a modo de columnas catedralicias sobre as que trepará unha parra. Nas zonas axardinadas combinarase o céspede con rododendros.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

TUI

Comezaron as obras de acondicionamento dos xardíns de Troncoso

Os luns 23 de setembro, comezaron as obras de acondicionamento dos xardíns de Troncoso financiadas ao abeiro do Plan Concellos 2017 da Deputación de Pontevedra. Teñen un prazo de execución de mes e medio. O obxectivo é rexenerar este espazo público situado no Paseo Familia Álvarez Blázquez que comunica o céntrico Paseo da Corredoira coa rúa Antero Rubín. A zona sobre a que se vai actuar era un dos antigos baluartes da muralla da cidade polo que as actuacións a realizar contarán cun control arqueolóxico durante a obra.

O novo deseño a executar nas próximas semanas busca potenciar a condición de lugar tranquilo, rodeado de natureza, deste espazo ao tempo que crear un espazo sensitivo coa



combinación de árbores de sombra como tilos con céspede e plantas aromáticas como lavanda, tomillo, santolina, salvia e setos de buxo. Dotarase a todos os xardíns de sistema automático de rego.

Os elementos existentes na actualidade coma a balaustrada de pedra, as pérgolas, a fonte, unha paxareira, e as farolas serán retiradas e depositadas na nave municipal en Guillarei para a súa recu-

peración e posterior uso noutros espazos. Igualmente as plantas existentes na actualidade, que serán retiradas plantaranse, noutros lugares. Manterase no seu actual emprazamento tanto o busto de Sócrates coma o monumento a Faustino Rey Romero.

As obras foron adxudicadas por importe de 49.388,06 € á empresa Excavaciones Y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.

Convocado un proceso para a formación dunha lista de reserva de prazas de administrativo

Até o 8 de outubro pódense presentar as solicitudes para participar no proceso selectivo para a formación dunha lista de reserva para o nomeamento interino de prazas de administrativo convocado polo Concello de Tui.

As persoas interesadas en participar neste proceso selectivo deben estar en posesión do título de Bacharel, técnico ou equivalente. Deben ingresar na conta da Tesourería do Concello de Tui, durante o prazo de presentación de instancias, o importe en concepto de dereitos de exame de 7,75€.

O proceso selectivo contará

dunha fase de oposición na que os aspirante deberán realizar un primeiro exercicio, obrigatorio e eliminatorio, consistente en contestar por escrito un cuestionario, tipo test, de 50 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria. Habrá un segundo exercicio, obrigatorio e eliminatorio, de carácter práctico que consistirá na redacción dun ou varios supostos prácticos de carácter procedemental e administrativo. Este exercicio deberá ser lido obrigatoriamente ante o tribunal. Habrá un terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego, que os e

as aspirantes en posesión do CELGA IV non estará obrigados a realizar. Na segunda fase de concurso teranse en conta os méritos presentados polas persoas aspirantes relativos a formación académica, formación específica na que se valorarán os cursos de formación e perfeccionamento que versen sobre materias directamente relacionadas coas funcións propias do posto de traballo ao que se aspira, incluídos os cursos de coñecemento do idioma galego, e a experiencia profesional.

As bases pódense consultar na web municipal tui.gal onde está dispoñible o impreso de solicitude.

Novos vestiarios para o campo de fútbol "Álvarez Durán"



Os novos vestiarios do campo de fútbol municipal Álvarez Durán, xa son desde este domingo unha realidade. O deputado de Cooperación, Santos Héctor, xunto ao alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e ao presidente e aos xogadores do Tyde F.C., inauguraron esta tarde a reforma das instalacións nun acto previo á disputa do primeiro partido do club tudense na casa fronte ao C.D. Arcade, da Primeira Autonómica. As obras foron financiadas polo Plan Concellos 2017 cun investimento de case 70.000 euros (69.889,60€).

A actuación nos antigos vestiarios do "Álvarez Durán", consistiu na redistribución e optimización dos espazos existentes baixo a grada para crear vestiarios do equipo local, visitante e árbitros, dando cabida tamén a unha zona de duchas, aseos, bancos e unha sala de enfermería. Deste xeito, as obras comprenderon a reparación das paredes, tamén se despregaron máis de 100 metros cadrados de pavimento vinílico antideslizante e substituíuse a carpintería. Amais, realizouse unha nova instalación de fontanería, electricidade e saneamento, e pintouse o muro.



BAIXO MIÑO

Tomiño elaborará o seu Plan de Mobilidade Sustentable coa colaboración da veciñanza

O Concello de Tomiño segue implantando formas de desprazamento máis sustentables e que garantan a calidade de vida da cidadanía, escoitando ideas, opinións, e suxestión da propia veciñanza. Dentro da redacción do Plan de Mobilidade Urbana Sustentable vén de poñer en marcha: unha enquisa online e varios obradoiros participativos. O obxectivo é “adaptar a estrutura urbana do municipio ás necesidades da veciñanza, tanto daquelas persoas que se moven a pé como daquelas que empregan outros medios de transporte nos seus desprazamentos.

O concello puxo en marcha un cuestionario online (<https://tomino.gal/plan-de-mobilidade-sustentable>). Aquelas persoas que o desexen tamén poden



deixar as súas suxestións enviando un correo electrónico a tomino@plandemobilidade.com.

O vindeiro 3 de outubro o Centro Goianés acollerá unha serie de obradoiros participativos no que todas as persoas poderán dar a coñecer as súas opinións, inquedanzas, queixas... con res-

pecto “á mobilidade dentro do concello tomiñés.

Pola mañá (12.00 h) no salón de plenos de Tomiño, pola tarde no Centro Goianés (17.30 h) e de novo no salón de plenos da casa consistorial (20.00 h).

Este proxecto está financiado ao 75% pola Deputación.

Tomiño continúa coas humanizacións coa remodelación da contorna da igrexa de Amorín

O espazo público anexo ao adro que se está a remodelar, alberga na actualidade un palco de música e un cruceiro e atópase pavimentado con aglomerado asfáltico, usándose como aparcadoiro e sen ofrecer seguridade suficiente para a veciñanza. Neste espazo hai ademais, nove plátanos de gran porte, árbores que, xunto coa igrexa, o cruceiro e o palco, cualifican a contorna.

O obxectivo da intervención é, coma xa sucedera no casco urbano de Tomiño, xerar un ámbito espacialmente atractivo, que invite á xente a utilizalo dun xeito seguro e accesible, potenciando así as actividades lúdicas e sociais e poñendo en valor a arquitectura e o espazo público. Cun orzamento total de 180.000 euros, as obras alcanzan uns 2400 metros cadrados e foron adxudicadas á empresa Construc-



ciones Castro S.L.

Trátase de protexer do tráfico de vehículo a zona de diante do adro da igrexa, onde se atopan o cruceiro e o palco, xerando un espazo de estancia e poñendo en valor o eixo entre o cruceiro e a igrexa. Este novo espazo converterase nunha alameda, con pavimentos brandos, de xabre compactado. Por último, procederase á colocación de xogos infantís.

Estas obras de humanización servirán ademais para visibilizar

o muro de pedra labrado que pecha a igrexa, un muro con gran valor patrimonial que na actualidade se atopa soterrado parcialmente pola beirarrúa existente. Para poder levalo a cabo variaranse as cotas do novo espazo público xerado, que contará con plataforma única e que favorecerá a accesibilidade universal. Por iso tamén se demolerán as escalinatas de acceso ao torreiro e se construíra no seu lugar unha rampla.

Reactívatelo arranca con máis dunha ducia de actividades de envellecemento activo

Mellorar a calidade de vida das persoas maiores e manter as facultades físicas e psíquicas é o obxectivo do programa de maiores Reactívatelo posto en marcha polo Concello de Tomiño con máis dunha ducia de actividades dirixidas a persoas maiores de 60 anos. As interesadas en participar poden inscribirse nas oficinas de Rexistro do Concello de Tomiño.

O obxectivo destes

obradoiros é axudarlles a seguir en activo, animalos a saír do seu fogar, a manter a súa autonomía persoal e a relacionarse con máis xente tanto da súa idade como máis nova.

As actividades comenarán o vindeiro 1 de outubro e desenvolveranse martes e venres en horario de mañá no Centro Vontade. Terán un custe de 15 euros mensuais. Para recibir máis información poden dirixirse ao Concello ou chamar ao 986 622 001.

Tomiño “móllase polos ríos” na limpeza simultánea de Adegas

A actividade celebrouse o 29 de setembro e foi organizada pola Concellería de Medio Ambiente en colaboración da OMIX de Tomiño, o centro terapéutico Alborada e o CEP Pedro Caselles.

Un ano máis, o Concello de Tomiño colabora coa limpeza simultánea de ríos impulsada por Adegas ao abeiro do Proxecto Ríos participando nunha xornada de retirada de lixo da beira do río para axudar na conservación dos ecosistemas fluviais e concienciar á cidadanía.

Baixo o lema ‘Móllate polos ríos’ a Concellería de Medio Ambiente organizou, xunto coa OMIX de Tomiño, unha actividade que contou coa colaboración do Centro Terapéutico Alborada e do CEP Pedro Caselles, que como cada ano adiantou a actividade ao venres 27 para que o alumnado do centro recolla lixo cunha andaina polas marxes do río Pego.

Dende o Concello estudárase a posibilidade de facer unha exposición co lixo atopado no posto informativo de compostaxe que se habilitará no Biomercado.

O Concello facilitou ás persoas participantes luvas, pinchos para recoller lixo en sitios pouco accesibles, sacos plásticos ou capachos para o lixo e auga para os voluntarios.

Nesta actividade colaboraron máis de 50 concellos de toda Galicia e xa se conseguiu retirar miles de quilogramos de refugallo de moitos ríos galegos grazas ás limpeza anteriores.

A GUARDA

O alcalde concreta a regulación de tráfico en Concepción Arenal

O martes 24 de setembro de 2019 o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, enviou un escrito a Deputación de Pontevedra sobre a continuación das obras de Concepción Arenal onde explica a sinalización definitiva.

O escrito do alcalde responde a unha comunicación do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación no que requiría "información ne-

cesaria en relación a sinalización para proceder a súa colocación e remate das obras".

O escrito remitido polo Alcalde baséase no acordo de Goberno acadado co BNG no que se recollía que a regulación do tráfico por Concepción Arenal respondería ao plan de mobilidade co debido asesoramento técnico.

O plan de mobilidade e o propio alcalde entenden que a rúa Concepción Arenal é a

arteria principal de Baixada ao Porto para vehículos. Polo tanto na sinalización proposta facilítase este acceso salvaguardando a seguridade dos peóns e habilitando espazos para os mesmos.

Na proposta enviada habilitase un sentido único de circulación entre a rúa Galicia e a rúa Tomiño.

Posibilitase o acceso a Concepción Arenal e Domínguez Fontela dende a rúa Ourense e

Manuel Álvarez.

Facilítase o tránsito dos vehículos pesados. Así, os camiións e autobuses poderán acceder ao porto a través da Praza de Avelino Vicente e poderán subir por Concepción Arenal dende o Porto ata a rúa Galicia directamente.

O alcalde confía que en prazo breve estea colocada a sinalización definitiva así como o mobiliario da rúa para o remate das obras.



Segundo o tenente de alcalde, Anxo Baz, o alcalde "entorpece o remate das obras"

"Pretende impedir a súa conversión nunha rúa de preferencia peonil enchéndoa de vehículos"

O tenente de alcalde do concello da Guarda e portavoz municipal do BNG, Anxo Baz, informou que o propio alcalde está entorpecendo o remate da rúa Concepción Arenal. "Despois de pasar por unhas obras que se prolongaron no tempo co goberno anterior, provocando a incomodidade da veciñanza e do comercio local, coa chegada ao goberno do BNG, asumindo entre outras a Área de Mobilidade, encargamos a sinalización definitiva e a colo-

cación de bancos, papeleiras e xardineiras".

Anxo Baz, engade que "días despois, o alcalde decide pola súa conta impedir o envío do material da Deputación para paralizar o remate da obra. E onte, a través dos medios de comunicación, a veciñanza entéirase que quere abrir a rúa ao tráfico sen restricións, provocando sorpresa, incerteza e inseguridade viaria e peonil".

Anxo Baz, como concelleiro-delegado de Mobilidade, afirmou que "imos levar adiante

converter Concepción Arenal nunha rúa de preferencia peonil, tal como está concebida no Plan de Mobilidade. Chegamos ao goberno para iniciar un proceso de transformación absolutamente necesario, coa idea de aumentar o atractivo da vila, cun espazo público moito máis humano e amigábel coa persoa que anda a pé e que permita unha maior vitalidade comercial".

Finalmente, o portavoz municipal do BNG e tenente de alcalde, indicou que "debemos



lembrar que sendo Santa Tegra un dos atractivos turísticos máis visitados de Galiza, so o 1% das persoas visitantes entran na Guarda. Até o día de hoxe, os distintos gobernos que pasaron pola vila, foron incapaces de rendabilizar unha auténtica galiña de ovos de ouro. Agora temos a posibili-

dade de nos dotar dun espazo público para as persoas, atractivo, que revitalice o noso concello e potencie o comercio e a hostalaría guardesa. A veciñanza non quere un modelo baseado en vehículos invadindo as rúas, dando voltas e máis voltas para aparcar, xa o tivemos e resultou un fracaso".

A Xunta entrega una moto acuática para atender emerxencias na costa da Guarda

O luns día 30 de setembro de 2019 o tenente-alcalde da Guarda, Anxo Baz, asistiu a Riveira onde se fixo a entrega dunha moto acuática para rescates en zonas de pouco calado, con ondas ou fortes correntes e áreas con fondos rochosos e que será empregada dende hoxe polo GES da Guarda.

Esta moto acuática con remolque permitirán aos servizos de emerxencias reforzar o seu equipamento de rescate.

Trátase de embarcacións de gran efectividade para rescates en zonas de pouco calado, con ondas ou fortes correntes e áreas con fondos rochosos, ten unha eslora de 3.75 metros, capacidade para tres persoas, un

motor de 1800cc e 180cv e ademais ven equipada con dous traxes de neopreno, gadiola de rescate, cascos e remolque.

Segundo Anxo Baz, este novo equipamento de rescate ven a mellorar a calidade e resposta da seguridade na zona transfronteiriza do Río Miño e do mar na Guarda, cun tempo



de resposta moito menor, que repercutirá positivamente en

situacións de risco ou emerxencias.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Nova directiva do Club da Terceira Idade

O martes día 17 de setembro a concelleira de Servizos Sociais, Bea Lomba, realizou unha visita ao Club da Terceira Idade, sito na primeira planta da Casa do Mar ao carón do Auditorio de San Bieito, para coñecer á nova directiva deste club, que tomou o seu cargo o pasado 17 de xullo. Dende a concellería de Servizos Sociais se vai a continuar o traballo de apoio e coordinación nas actividades que se organizan dende este colectivo guardés.

Ao longo do ano o Club da Terceira Idade realiza varios cursos como o de bordado, bolillos, manualidades, Tai-Chi, Natación, entre outros. Tamén se organizan diferentes excursións e actividades musicais, contando cunha coral



e un grupo de gaitas. Todas as persoas que estean interesadas poden ampliar información ou inscribirse chamando ao 986 61 0369 no horario de apertura da oficina: de 10:00h a 12:30h. Tamén se poden beneficiar dos descontos específicos para socios, prezo simbólico de 1€ ao mes.

Tamén se organizan dúas ceas anuais, coincidindo coa Primavera e o Nadal.

NOVA XUNTA DIRECTIVA:

Presidenta: M. Gloria González González

Vicepresidenta: Isabel Martínez Martínez

Tesoreiro: Franz Anton Krieg
Secretario: Ramón Moíño Campos

Vogais:

Salustiano Saavedra Lamas

María José Vicente Freitas

Ángela Martínez Vicente

Josefina Rodríguez Pérez

O Concello da Guarda repara a esfera da Torre do Reló

O venres 13 de setembro comezaron os traballos de mantemento e reparación do reló que se atopa antiga torre de procedencia medieval da Praza do Reló, un dos elementos patrimoniais do casco urbano do municipio da Guarda.

Formaba parte da antiga muralla medieval e protexía un dos accesos á vila no máis alto do recinto. No 1570 levantouse a actual torre sobre outra primitiva. Reedificouse no 1730 por ameazar ruína a anterior substituíndose nesta esta data a campá mentres o reloxero mecánico, doado por José Manuel Andreini, data de 1924. No corpo da torre destacan os escudos de armas.

Estes traballos realízanse despois da rotura parcial da



esfera do reló, de xeito que estará fora de funcionamento ata que a esfera sexa substituída por unha nova, á vez que se realiza o mantemento do seu conxunto.

Este elemento patrimonial é un dos máis fotografados

polos milleiros de visitantes que se achegan A Guarda, ademais da súa utilidade para ter informado aos veciños da hora.

Máis dun cento de persoas asistiron ao concerto de «Helen & Shanna» na Praza do Seixiños



Música nas Prazas 2019 chegou o pasado 13 de setembro ao seu fin tralos concertos de Caramelo Krew o 14 de xuño na Praza de San Queitano e de Blues do País o venres día 16 de agosto na Praza de Avelino Vicente (As de Copas).

Desta volta foi a quenda de «Helen & Shanna» na Praza dos Seixiños da Gándara, un grupo guardés nado no ano 2013 e que xa ten ofertado numerosos concertos en salas e pequenos festivais en toda Galicia. Cunha forte influencia folk, «Helen & Shanna» recolle aspectos doutras culturas, con instrumentos tan variados coma o sitar, a trompeta, o violín ou o ukelele.

Máis dun cento de persoas

asistiron a este concerto que pon o punto e final á programación de Música nas Prazas deste ano, sendo este o cuarto ano desta actividade promovida dende a concellería de Cultura e que contou cun total de 3 concertos nas Prazas de San Queitano, Avelino Vicente e Os Seixiños.

Ao longo dos tres anos de Música nas Prazas foron moitas as formacións musicais do panorama local e galego que teñen pasado polas prazas da vila guardesa, entre elas, De Vacas, Sonus de Gaya, Indomables, Argonat Band, Mboló Mooye Doolé, Carmen Johns, entre outros.

O Música nas Prazas 2019 conta co apoio de Pontegal da Deputación de Pontevedra.

XXIII EXFIMIÑO
Exposición Filatélica
2019

do 5 ao 13 de outubro
Nos salóns do Centro Cultural
Horario exposición
de 11 a 14 h. e de 17 a 20 h.
Inauguración e posta en circulación do cuño oficial da Exposición o día 11 as 20,30 h
Entrada libre

A GUARDA

A Guarda contará cunha nova escola infantil con 41 prazas

O pasado martes día 24 de setembro o Alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a Concelleira de Servicios Sociais, Beatriz Lomba, mantiveron unha xuntanza coa Conselleira de Política Social da Xunta de Galicia nos Edificios de San Caetano para trasladarlles o compromiso da Xunta para o financiamento da nova escola infantil da Guarda, para a cal a Administración autonómica achegará 410.000€ e o consistorio local os fondos restantes ata os 690.000€.

A futura escola infantil da Guarda integrarase na rede pública autonómica Galiña Azul e estará dotada con tres unidades e un total de 41 prazas.

Para fixar o cofinanciamento da construción o paso seguinte será a formalización dun convenio entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello da Guarda, de cara a incluír estes fondos nos orzamentos 2020-2021.




Ai que recordar que o Concello da Guarda ten un ratio de escolas infantil moi baixo, que nos últimos anos oscila entre o 17% e o 20%, cando o compromiso da Xunta e que o ratio en Galicia sexa como mínimo o que recomenda a Unión Europea, un 33%, o

que obriga a moitas familias guardesas a buscar prazas nos concellos da contorna.

Na actualidade a Guarda conta cos terreos, co proxecto e os permisos para construír a nova escola infantil nas vellas vivenda dos mestres do antigo Sinde

A Guarda conta cunha nova aplicación informática para a xestión das avarías no alumeado



O 17 de setembro o Concello da Guarda, a través do departamento de Novas Tecnoloxías e Vías e Obras, puxo en funcionamento unha nova aplicación de carácter interno que permitirá unha mellor e eficiente xestión das avarías do alumeado público do municipio.

Grazas a esta nova ferramenta, que conta tamén cunha páxina web, no momento de producirse unha avaría no alumeado público, calquera usuario poderá dar conta da mesma, ben a través da APP municipal ou chamando ao 986 61 0000 nese momento o persoal municipal rexistrará esta inciden-

cia na nova aplicación e, automaticamente coa axuda dunha tablet o electricista recibirá unha notificación da incidencia e terá xeolocalizado o punto de luz onde existe a avaría, facilitando unha solución máis eficiente das incidencias no alumeado público.

Dende o Departamento de Novas Tecnoloxías, Antonio Lomba manifestou que dende fai tempo se leva traballando na mellora das xestións e procesos informáticos para converter A Guarda nunha smart-city ou cidade intelixente, de cara a ofertar uns servizos máis optimizados a áxiles á cidadanía.



Música, viño e gastronomía unirán a peregrinos e poboación local na Guarda, Redondela e Tui

O programa 'Música e Viño no Teu Camiño', posto en marcha pola Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural, organizará tres eventos musicais no que tamén se porán en valor os viños de DO Rías Baixas e a gastronomía local.

A iniciativa forma parte do programa O teu Xacobeo, impulsado pola Xunta de Galicia dentro do Xacobeo 2021

O seu obxectivo será crear puntos de encontro entre as persoas que peregrinan polo Camiño de Santiago e a poboación local dun xeito diferente e orixinal: a través de tres eventos musicais que se desenvolverán nos concellos de A Guarda, Redondela e Tui.

"Trátase de dinamizar e ofrecer a poboación e peregrinos experiencias positivas e desestacionalizadas naqueles concellos do noso territorio polos que pasa o Camiño de Santiago: A Guarda como inicio do Camiño da Costa, Tui como inicio do Camiño Portugués xa en Galicia e Redondela, onde conflúen os dous", explicou Sandra González, presidenta de Eurural e alcaldesa de Tomiño, durante a presentación do proxecto.

En outubro A Guarda, Redondela e Tui acollerán un concerto musical ao aire libre e totalmente gratuíto que será o eixo central dun espazo creado para fomentar as experiencias positivas arredor dos produtos do territorio, poñéndoos en va-

lor e promocionándoos. Así, o público asistente poderá degustar viños con D.O. Rías Baixas subárea do Rosal e disfrutar da gastronomía local a prezos populares. Os eventos celebraranse nas seguintes datas:

4 de outubro de 2019. Concerto de The Soul Jacket na Praza da Torre de Redondela.

12 de outubro de 2019. Concerto de The Pretty Shirts Rock&Roll Band na Praza do Reló de A Guarda.

19 de outubro de 2019. Concerto de Best Boy na Praza de San Fernando de Tui.

Todos os eventos comezarán a partir das 20.30 horas e contarán coa presenza e participación confirmada das adegas Quinta de Couselo e Terras



The Pretty Shirt actuarán na Guarda o 12 de outubro.

Gauda.

Que é Eurural?

A Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural é a entidade sen ánimo de lucro responsable da execución da Medida Leader 2014-2020 no territorio recoñecido pola Consellería de Medio Rural

da Xunta de Galicia como Grupo de Desenvolvemento Rural 14 (GDR14), que abarca 13 concellos do sur da provincia de Pontevedra: Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui.

Os socialistas reclaman a limpeza dos ríos antes da tempada de choivas

O PSdeG-PSOE provincial denuncia a política propagandística do organismo Augas de Galicia na limpeza dos ríos e a falta dunha planificación seria e pensada para previr as inundacións nos tramos máis sensibles coa chegada do outono e o inverno.

O secretario xeral dos socialistas, David Regades, recalca que no "país dos mil ríos", a política autonómica en materia de prevención de inundacións pódese resumir coa famosa frase de "se chove que chova".

Segundo os datos publicados pola Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, neste

ano só se realizaron 20 actuacións de limpeza en 36 tramos interurbanos de ríos e regatos, a meirande parte en tramos moi pequenos. "Unha porcentaxe ridícula, que non chega nin a un 0,1%, tendo en conta que temos uns 15.000 Km de rede fluvial", declara Regades quen, engade que nin sequera se teñen priorizado os treitos declarados como Áreas con Risco Potencial Significativo de Inundación (ARPSI). "De feito tamén neste eido, aínda que pareza increíble, as actuacións da Xunta parecen máis guiadas pola cor política dos concellos que outra cousa", conclúe o secretario xeral dos socialistas pontevedreses.

David Regades explica que o único paso realmente significativo dado pola Xunta este ano foi "desfacerse" de 300 Km de rede fluvial alegando que se trata de tramos urbanos, transferindo as competencias aos concellos a través dunha simple Instrución publicada no Diario Oficial de Galicia. "E, por suposto, como é norma da casa, sen dotar aos concellos dun só euro, a pesar de que son plenamente sabedores que no municipalismo galego e pontevedrés hai moitos concellos que carecen dos recursos necesarios para asumir tal encomenda". "Os concellos teñen que limpar as franxas forestais, limpar os ríos, asumir o saneamento, axudar



O Secretario Xeral dos socialistas de Pontevedra, David Regades.

no fogar aos dependentes, os concellos teñen que asumir copagos polas garderías e os centros de día...", lamentou o responsable provincial dos socialistas, que engade que "cabe preguntarse para que queremos as galegas e os galegos á Xunta de Galicia".

Diante desta situación, os socialistas esixirán a través de mocións nos concellos da provincia que Augas de Galicia elabore e publique con suficiente antelación unha pro-

gramación transparente coas actuacións de limpeza fluvial que se vaian acometer ao longo do ano. Que esta planificación inclúa un prazo de alegacións e/ou suxestións para os concellos e colectivos ambientalistas. Ademais, reclamarán que se redobren os esforzos preventivos nos leitos fluviaís e que se estableza unha liña de axudas para que os concellos poidan acometer a limpeza dos tramos urbanos que lles transferiron "dun plumazo".